



**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

---

# Plan de convivencia

EASD Pablo Picasso (A Coruña)

Aprobado en Xunta de Escola o 24 de abril de 2023



## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Contextualización.....	7
	2.1. Perfil do alumnado.....	10
3	Análise da situación e detección de necesidades.....	11
4	Determinación dos obxectivos específicos.....	12
5	Directrices básicas de convivencia.....	13
6	Actuacións a desenvolver.....	13
7	Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.....	14
8	Normas de convivencia.....	16
9	Conduas contrarias á convivencia e medidas correctoras.....	19
10	Normas de funcionamento da comisión de convivencia.....	19
11	Mecanismos de coordinación e colaboración.....	20
	11.1. Equipo directivo.....	20
	11.1.1. Director/a.....	20
	11.1.2. Xefatura da área de calidade e promoción das ensinanzas.....	21
	11.1.3. Xefatura da área de formación.....	21
	11.1.4. Xefatura da área de administración e xestión.....	21
	11.2. Xunta da Escola.....	22
	11.3. Claustro de profesorado.....	22
	11.4. Departamentos.....	22
	11.5. Titoría de ensinanza.....	23
12	Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.....	24
	12.1. fd.....	24
13	Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación.....	25
14	Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	25
	14.1. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais.....	25
	14.2. Colaboración con servizos externos ao centro.....	25
15	Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	26
16	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.....	26
17	Normativa de aplicación:.....	27

# 1 Introducción

---

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa.

Entre os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

Por outra parte, os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa. Ademais, velarase pola igualdade de trato e a non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero de todas as persoas no ámbito educativo.

O Decreto 61/2011, de 24 de marzo, polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas de arte e superiores de deseño de Galicia indica, no apartado 8 do artigo 15 que no seo da Xunta de Escola debe constituirse un observatorio de convivencia adaptando a composición establecida no Decreto 85/2007 do 12 de abril, polo que se crea e se regula o

Observatorio Galego da Convivencia Escolar ás características do cadro docente das escolas de arte e superiores de deseño.

Este observatorio da convivencia equivale á comisión de convivencia que establece o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro.

O consello escolar do centro educativo (xunta de escola nas EASD de Galicia), ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

- a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Segundo o mesmo Decreto, "o plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O antedito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras".

Na EASD Pablo Picasso, a comisión de convivencia estebleceuse por acordo de Xunta de Escola do 26/09/2022 e foron renovados os seus membros despois da 13ª renovación da Xunta na Xunta de Escola extraordinaria celebrada o 12/12/2022 , quedando composta como segue:

### Comisión de convivencia da EASD Pablo Picasso (13ª renovación da Xunta de escola)

Presidencia	Directora	Elena Pardo Antequera
Vicepresidencia	Xefe de estudos	Xosé Carlos Barreiro
Representante do profesorado 1	Xefa do departamento de EE.SS. de deseño gráfico	Elena Iglesias Rodríguez
Representante do profesorado 2	Xefe do departamento de EE.SS. de deseño de interiores	Manuel Otero Parra
Representante do profesorado 3	Docente ensinanzas profesionais de deseño gráfico	Jorge Couceiro García
Representante do profesorado 4	Docente ensinanzas profesionais de produto	Marta Fernández Núñez
Orientador	Xefa do departamento de relacións con empresas, estudos e talleres	Gloria Mª Rodríguez Simón
Representante do alumnado 1	Alumna EE.SS.	Julia Aldecoa Raya
Representante do alumnado 2	Alumno EE.PP.	David Sánchez Ferrol
Representante PND	Conserxe	Eduardo Aceña Baldomir
Persoa que desempeñe a función de desenvolver los programas e iniciativas de coeducación.	Secretaria	Irene Gago Pesado

Ate a aprobación do presente Plan de convivencia, o documento de referencia foron as normas de convivencia recollidas no capítulo IV das Normas de Organización e Funcionamento, aprobadas en Xunta de Escola o 25/02/2019.

## 2 Contextualización

---

A Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso de A Coruña é un centro de estudos sostido con fondos públicos e administrativamente dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, adicada ao ensino das seguintes especialidades:

- Ensinanzas Artísticas Profesionais:
  - Ciclo Superior de Ilustración,
  - Ciclo Superior de Fotografía,
  - Ciclo Superior de Escultura aplicada ao espectáculo e

- Ciclo Superior de Dourado, Prateado e Policromía Artística.
- Ensinanzas Artísticas Superiores:
  - Deseño Gráfico e
  - Deseño de Interiores.
- Oferta Modular:
  - Taller Cerámico I e II
  - Taller de Madeira.

Todas as especialidades están definidas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 30 de decembro).

Reúne logo, a dobre condición de Escola de Artes Plásticas, herdeira dunha longa tradición no ensino das Artes Plásticas, as Artes Aplicadas, as Artesanías e os Oficios Artísticos, coa de Escola Superior de Deseño, con vocación de ensino no ámbito que é propio de Titulacións Oficiais incluídas no nivel 2 (Grado) do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior); sendo estas dúas condicións irrenunciabes e mutuamente enriquecedoras.

A Escola é unha das institucións docentes públicas máis antigas do Concello de A Coruña. É un centro histórico cuxo xerme, promovido pola Real Academia de Belas Artes, agroma en 1850, como Escola de Artes Aplicadas (a primeira de Galicia), ocupando catro salas no edificio do Real Consulado da Coruña da rúa Panaderas, e continúa en 1870 no número 23 da rúa San Andrés como Escola de Artes e Oficios. En 1886 obterá a denominación de Escola Provincial de Belas Artes de 2ª clase, baixo a cal ocupará desde 1890 o os baixos do Instituto da Guarda na praza de Pontevedra. Foi adscrita en 1900 ó Ministerio de Instrucción Pública como Escola de Artes e Industrias,

posteriormente como Escola de Artes e Oficios ate a denominación actual de Escola de Arte e Superior de Deseño. Desde 1987 desenvolve a súa actividade nun edificio de singular valor arquitectónico, obra de D. José Antonio Corrales Gutiérrez, na Rúa Os Pelamios, nº 2. no distrito postal 15001 da cidade de A Coruña.

Polas súas aulas e talleres pasaron ao longo de máis dun século un número moi importante de persoas, desenvolvendo moitas delas unha relevante traxectoria profesional. O feito de que se trate da única institución docente pública da cidade no eido que lle é propio, que polas súas aulas pasase Pablo Ruiz Picasso, que lle presta o seu nome, o prestixio que actualmente coñece a actividade do deseño como o mellor valor engadido de que poden gozar os produtos e servizos, converten á EASD nunha institución referente de excepcional valor no mundo artístico.

Na actualidade, o centro conta cun administrativo, dous subalternos, tres persoas encargadas da limpeza, un auxiliar de conversa en lingua inglesa e unha intérprete de lingua de signos. No curso 2022-23 ensinan 45 docentes e estudan 391 alumnos distribuídos nas distintas especialidades.

Trátase dun centro ben integrado na súa contorna social, cultural e produtiva, relacionándose con este mediante a presenza en exposicións artísticas na cidade, a participación en actividades promovidas por diversas institucións e entidades, a actualización científica e técnica mediante a colaboración con profesionais en seminarios, talleres e actividades para o alumnado e na formación do profesorado, así como o traballo con empresas, non unicamente na realización de prácticas para os estudantes, senón tamén a través de distintos mecanismos de colaboración. A pesar disto, existe un gran descoñecemento acerca dos estudos que se imparten no centro por parte da cidadanía en xeral, e tamén entre o alumnado potencial.

Un dos cambios máis importantes acontecidos nos últimos anos foi a implantación dun sistema de garantía interna de calidade, que procura garantir a calidade do proceso educativo en todas as especialidades que se imparten na Escola, un requisito indispensable nos centros onde se imparten Titulacións Oficiais incluídas no nivel 2 (Grado) do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior). Neste

proceso contouse co apoio e supervisión da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. O sistema de calidade implica a realización periódica de enquisas de calidade a alumnado, profesorado e persoal no docente, o que permite pulsar a opinión de todas as partes interesadas e redefinir con maior claridade as áreas de mellora en cada plan anual.

A realidade cultural do entorno socioeconómico da Escola é quen lle outorga os rasgos máis salientables da mesma, que son:

- a) A Escola promove unha formación profesional e artística en prol da igualdade entre todas as persoas.
- b) A Escola ten, e usa, como lingua oficial o galego, lingua propia da Comunidade Autónoma de Galicia e da súa Administración Educativa. A plena normalización lingüística é un obxectivo a acadar.
- c) A Escola imparte formación nun ámbito de convivencia definido polo respecto ás opinións alleas, a tolerancia, a responsabilidade e o espírito de traballo, promovendo a participación e a formación da vontade colectiva de xeito democrático.
- d) A Escola, como Centro sostido con fondos públicos, e de acordo coa autonomía de xestión económica permitida pola lexislación vixente, asigna os recursos de xeito transparente e de acordo cos criterios acordados na Comisión Económica e na Xunta de escola, tendo en conta tódolos eidos contemplados no seu orzamento. A Escola no desenvolvemento desa mesma autonomía financeira, non renuncia á obtención de recursos económicos complementarios derivados da súa actividade.
- e) A formación impartida na Escola, finalista e non propedéutica, e a relación da mesma co mundo laboral e artístico obrigan a que a Escola non limite a súa relación co mundo laboral á xestión da "Formación práctica en empresas, estudos ou talleres ou a xestión da bolsa de traballo", senón que se dá a diferentes niveles de colaboración mutua entre a Escola e as empresas, corporacións públicas e privadas, institucións, artistas, asociacións de corte social, etc...



## 2.1. Perfil do alumnado

A maior parte do alumnado do centro procede da cidade e a provincia da Coruña, aínda que tamén conta con estudantes doutros puntos de Galicia e España, ademais dos que veñen, grazas ao programa Erasmus+, de distintos puntos de Europa.

O rango de idade vai desde os 17 anos (situación excepcional que se dá nos primeiros meses do primeiro curso, pois despois do 31 de decembro a totalidade dos matriculados será maior de idade) ate persoas de idade avanzada que adéntrase na formación artística unha vez rematada a súa etapa profesional. Tamén hai perfís de titulados universitarios que deciden especializarse ou dar un xiro na súa formación académica, e outros tantos que compatibilizan os estudos coa súa actividade laboral.

En todos os casos, o alumnado ten que ter superado o bacharelato, titulación equivalente ou proba substitutiva, e unha proba de acceso que acredite a aptitude artística (ou conte con titulación ou experiencia laboral relacionada). Polo tanto, trátase de alumnado cunha formación previa sólida e vocación artística.

Non existe conflictividade, malia que a situación socioeconómica derivada da pandemia, a crise económica resultado da guerra ruso-ucraína e a propia sensibilidade dos perfís artísticos e creativos poden ter un especial impacto no eido emocional do alumnado.

## 3 Análise da situación e detección de necesidades

---

Como xa se sinalou, ao tratarse dunhas ensinanzas vocacionais, non obrigatorias e coa práctica totalidade do alumnado maior de idade, na actualidade a EASD Pablo Picasso é un centro caracterizado pola convivencia pacífica e harmoniosa entre todos os membros da comunidade educativa. Porén, alén da obriga normativa, compe contar cun documento que afiance o bo clima e funcionamento e estableza os protocolos de actuación no caso de aparición de condutas contrarias á convivencia.

Este plan de convivencia deberá:

- Garantir unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
- Recoller e desenvolver os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
- Analizar e valorar os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto.

## 4 Determinación dos obxectivos específicos

---

Conforme ao establecido no artigo 12 do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, os obxectivos do Plan de convivencia son:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación do alumnado no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 5 Directrices básicas de convivencia

---

As actuacións en materia de convivencia terán un enfoque preventivo, orientado á detección temperá e resolución mediada dos posibles conflitos. A tal fin, todos os membros da comunidade educativa respectarán o establecido no presente plan, especialmente no referido aos dereitos e deberes recollidos no apartado 8.

Ademáis, respectaranse as normas de organización e funcionamento do centro aprobadas pola Xunta de escola.

Os distintos órganos de goberno e representación do centro, dentro das súas responsabilidades, actuarán como mediadores dos posibles conflitos que se presenten dentro do seu ámbito de actuación, respectando en todo caso o protocolo de actuación establecido no apartado 7.

## 6 Actuacións a desenvolver

---

De conformidade co establecido no decreto 8/2015, as actuacións preventivas e aquelas que contribúan á detección e xestión da conflictividade serán as seguintes:

### **Actuacións preventivas**

- a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen. A este respecto, o

equipo directivo en colaboración cos departamentos didácticos, organizarán unhas Xornadas de acollemento ao inicio de cada curso escolar.

b) Dado o perfil do alumnado da EASD, a difusión do presente Plan de convivencia considérase a actividade de referencia para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, de igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero e na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social dirixidas á comunidade educativa, sen prexuízo de outras actividades que se poidan deseñar por parte da Comisión de convivencia.

c) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores: a arquitectura aberta da EASD, que permite un control visual de practicamente todo o centro desde o hall de entrada, permite que non sexa necesario establecer unha vixilancia especial. De considerarse necesario, e con arreglo a lexislación vixente, poderanse instalar sistemas de videovixilancia.

d) O centro, baixo a coordinación da xefatura de área de calidade e promoción das ensinanzas coa colaboración dos departamentos didácticos, programará actividades que promovan a convivencia e o traballo colaborativo entre as distintas ensinanzas especialidades impartidas no centro. Estas medidas, coa descripción de obxectivos específicos e procedementos para o seu seguimento e avaliación, detallaranse en cada plan anual.

### **Actuacións formativas en materia de convivencia escolar**

De considerarse necesario, o centro establecerá as actuacións correspondentes para a formación do profesorado, o alumnado, e o persoal non docente en materia de convivencia. De ser o caso, estas actuacións formativas poderán realizarse de forma conxunta.

## **7 Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar**

---

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico

ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

### **Protección integral das vítimas.**

1. A dirección do centro docente, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

### **Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.**

En caso de detectarse unha situación de acoso escolar, para poñerlle fin a esta, e sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan, determinaranse as medidas que se deben adoptar.

En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente

concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

### **Protocolos de actuación**


A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece no seu articulado os protocolos e procedementos a seguir en cada caso concreto, que servirá de guía en todo o relativo a condutas na súa tipificación, e as medidas correctoras aplicables en cada caso, á instancia á que corresponde a súa aplicación e á prescrición das mesmas. Moitos dos protocolos recollidos nesta norma pódense atopar na web:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

Aplicarase o seguinte fluxograma:



### Procedemento corrector de condutas aparentemente contrarias ás normas de convivencia



## 8 Normas de convivencia

---

O [Real Decreto 732/1995](#) establece os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros. Posteriormente, a [Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa](#), establece os dereitos e deberes básicos de convivencia dos distintos membros da comunidade educativa. De conformidade coa normativa, os dereitos dos distintos membros da comunidade educativa da EASD Pablo Picasso no ámbito da convivencia son os seguintes:

### **7.1. Dereitos e deberes de convivencia do alumnado**

#### *Dereitos básicos de convivencia do alumnado*

- a. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei 4/2011.
- e. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

#### *Deberes básicos de convivencia do alumnado*

- a. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito do resto do alumnado á educación.
- b. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e. Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.



f. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes<sup>1</sup>.

g. Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.

h. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Ademáis, conforme ao establecido no Decreto 61/2011, **as delegadas/os terán as seguintes funcións:**

a) Asistir ás reunións da xunta de representantes do alumnado e participar nas súas deliberacións.

b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ao que representan.

c) Fomentar a convivencia entre o alumnado do seu curso.

d) Colaborar co profesorado e co equipo directivo da escola para o bo funcionamento desta.

e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións da escola.

3. Os/as representantes do alumnado non poderán ser sancionados/as polo exercicio das súas funcións como voceiros/as dos alumnos e alumnas, nos termos da normativa vixente.

## **7.2. Dereitos e deberes de convivencia do profesorado**

### *Dereitos básicos de convivencia do profesorado*

a. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.

e. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

---

<sup>1</sup>. A participación do alumnado regúlase, para as EASD de Galicia, nos artigos 44 a 46 do [Decreto 61/2011](#), do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

f. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da mesma lei.

g. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación

#### *Deberes básicos de convivencia do profesorado*

a. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d. Informar as nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa das/os seus fillas ou fillos ou pupilas ou pupilos cando estes sexan menores de idade, así como a elas/es mesmas/os cando non o sexan, cumprindo as obrigacións de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención ás/os mesmas/os que lle impoña a normativa de aplicación.

e. Informar os responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado

### **7.3. Dereitos e deberes de convivencia do persoal de administración e servizos**

#### *Dereitos básicos de convivencia do persoal de administración e servizos*

a. A ser respectada/o, recibir un trato adecuado e ser valorada/o polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

- d. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
  - e. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultada/o pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei.
- Deberes básicos de convivencia do persoal de administración e servizos*
- a. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todas/os as/os membros da comunidade educativa.
  - b. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
  - c. Informar os responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
  - d. Gardar sixilo e confidencialidade respecto a as actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivese coñecemento.

## 9 Normas de funcionamento da comisión de convivencia

---

O artigo 6 detalla a composición e funcións da comisión de convivencia:

1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar<sup>2</sup>. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.
2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como

---

2 Xunta de Escola nas EASD

secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar<sup>3</sup>, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar (xunta de escola nas EASD) as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan<sup>4</sup>.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar (xunta de escola nas EASD) as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

---

<sup>3</sup> Xunta de escola nas EASD

<sup>4</sup> O artigo 8 indica pola súa banda que, de non estar constituída a Xunta de escola, corresponde ao equipo directivo elaborar plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída, ademais de Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar<sup>5</sup> sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro (xunta de escola nas EASD) e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 10 Mecanismos de coordinación e colaboración

---

Segundo o Decreto 8/2015, todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Establécese a cotinuación a distribución xeral de actuacións de cada un dos profesionais e órganos que levarán a cabo as medidas deseñadas para o centro, sendo principalmente os órganos de goberno, tanto unipersoais como colexiados así coma os distintos órganos de coordinación docente, adaptando o indicado no Decreto 8/2015 tendo en conta o establecido no [Decreto61/2011](#), do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

**A Xunta de escola**, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

---

5 Xunta de Escola nas EASD

- a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**A Comisión de convivencia** terá as funcións detalladas no apartado 9 do presente plan.

**O claustro do profesorado**, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**Ao equipo directivo** do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

**A dirección**, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

**Á xefatura de estudos** correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

En todo caso, as medidas e os acordos do apartado anterior serán recollidos pola área de formación e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro para asegurar a coherencia destes co proxecto funcional e o plan anual.

## 11 Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.

---

A [Lei 4/2011, do 30 de xuño](#) e o [Decreto 8/2015](#) do 8 de xaneiro que a desenvolve, regulan a convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar na comunidade autónoma de Galicia. Ambas contemplan dous tipos de condutas: gravemente prexudiciais e leves contrarias a convivencia, e segundo quedan recollidas no artigo 14 da Lei 4/2011 e o 38 do Decreto 8/2015, son as seguintes:

### 1. Conductas gravemente prexudiciais

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.



- g) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- h) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- i) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- j) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- k) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- l) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- m) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- n) O incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas detalladas no artigo 39 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

- a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias.
- c. Cambio de grupo.
- d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado

deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f. Cambio de centro. Esta medida terá un carácter excepcional.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) do punto primeiro deste artigo.

### **Aplicación das medidas correctoras**

Segundo especifica o artigo 41 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro; a dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### **2. Conductas leves**

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na línea a), os actos de discriminación da línea b), os actos de indisciplina da línea c), os danos da línea g), os actos inxustificadas da línea h) e as actuacións prexudiciais descritas na línea i) do artigo 15 da Lei

4/2011, recollidas no anterior punto 3.3.7.1. que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

### **Medidas correctoras das conductas leves**

As condutas levemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a. Amoestación privada ou por escrito.
- b. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **Responsables da aplicación das medidas correctoras das conductas leves**

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas líneas a), b) e c) do artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas líneas a), b), c) e d) do artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

### **Revisión e execución das medidas**

As alumnas ou os alumnos as/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas líneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

### **Procedemento corrector das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro**

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao

alumno e daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección. Estes procedementos faranse tal e como indica o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

### **Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro**

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar<sup>6</sup> das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

### **Determinación do procedemento de corrección**

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

---

6 Xunta de Escola nas EASD

2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

### **Prescrición de condutas e de correccións**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

## **12 Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.**

---

### **12.1. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais**

Tal como se reflectiu con anterioridade, agás algúns casos de alumnado que cumpre a maioría de idade no último trimestre do ano, a gran maioría do alumnado da Escola é maior de idade, asemade, naqueles casos de alumnado menor de idade a canle principal de comunicación coas familias será a telefónica, poñendo así mesmo a disposición das mesmas as aplicacións informáticas de uso habitual na escola.

Igualmente as canles de comunicación co alumnado maior de idade serán principalmente as aplicacións informáticas establecidas no centro, permitindo estas unha colaboración estreita no proceso educativo, proxectos e actividades complementarias á formación. Cómpre sinalar que as Ensinanzas Artísticas se desenvolven polo xeral en grupos reducidos, o que contribúe en gran medida a unha individualización das explicacións e seguimento do traballo realizado polo alumnado.

### **12.2. Colaboración con outros centros educativos**

Se as circunstancias así o requiriran, o centro colaborará ou poderá solicitar a colaboración en materia de convivencia con outros centros dependentes da Consellería ou organismos do contorno.

### 12.3. Colaboración con servizos externos ao centro

En relación á posible colaboración con servizos externos ao centro en materia de convivencia, para aqueles casos ou circunstancias de alumnado que requira unha atención especializada ou pautas de actuación debido a algún tipo de necesidade específica de apoio educativo poderá solicitarse a intervención do Equipo de Orientación Específico da provincia, podendo acceder á información precisa nas seguintes ligazóns:

Información xeral: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/4456>

Solicitud de intervención:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content\\_type/learningobject/2012/04/02/b94d1bd058b860ff5d6431866331c7dc.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2012/04/02/b94d1bd058b860ff5d6431866331c7dc.pdf)

## 13 Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

---

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa, publicando o presente documento na web do centro e facendo referencia a el nas Xornadas de acollemento. Así mesmo, levará a cabo todas as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

## 14 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

---

Tendo en conta o establecido no apartado 10 do presente plan, no que se recollen os mecanismos de coordinación e colaboración interna para levar a cabo as actuacións establecidas no mesmo, realizarase un seguimento periódico por parte de cada un dos órganos referidos, elaborando a finais de curso as correspondentes memorias das distintas áreas e departamentos que se xuntarán á memoria final da Escola.



Nesta memoria final, que será aprobada pola Xunta da Escola, estableceranse propostas de mellora en materia de convivencia escolar, que se deberán reflectir e levar a cabo no Plan Anual do seguinte curso académico, establecendo actuacións para as mesmas, de ser o caso. Pola súa banda, a comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. A xunta de escola, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

## 15 Normativa de aplicación:

---

- *Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE) que se ha publicado en el BOE de 30 de diciembre de 2020.*  
<https://educagob.educacionyfp.gob.es/lomloe/ley.html>
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110715/AnuncioC3B0-050711-4046\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110715/AnuncioC3B0-050711-4046_gl.html)
- *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001_gl.html)
- *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847_gl.pdf)
- *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas*



*establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-211021-0005\\_gl.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-211021-0005_gl.pdf)

- *DECRETO 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110406/AnuncioDE02\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110406/AnuncioDE02_gl.html)
- *Decreto 95/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.*  
[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150713/AnuncioG0164-220615-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150713/AnuncioG0164-220615-0001_gl.html)
- *DECRETO 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150706/AnuncioG0164-220615-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150706/AnuncioG0164-220615-0002_gl.html)
- *DECRETO 94/2017, do 7 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Escultura Aplicada ao Espectáculo.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171010/AnuncioG0164-210917-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171010/AnuncioG0164-210917-0003_gl.html)
- *Decreto 92/2017, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño de dourado, prateado e policromía.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171004/AnuncioG0164-210917-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171004/AnuncioG0164-210917-0002_gl.pdf)
- *DECRETO 131/2013, do 18 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130813/AnuncioG0164-230713-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130813/AnuncioG0164-230713-0001_gl.html)



- *Decreto 101/2017 que establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171017/AnuncioG0164-210917-0004\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171017/AnuncioG0164-210917-0004_es.html)
- *ORDE do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2008/20081209/Anuncio4FC36\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2008/20081209/Anuncio4FC36_gl.html)
- *DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002_gl.html)
- *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*  
[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20161201\\_ordenacion\\_superiores\\_deseño\\_1.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20161201_ordenacion_superiores_deseño_1.pdf)